



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**  
 Dirección Xeral de  
 Fomento e Calidade da Vivenda

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<b>AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE SUBSIDIACIÓN DO PRÉSTAMO</b>	<b>VI428B</b>	<b>SOLICITUDE</b>

**DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDERECO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**EXPÓN:**

Que é beneficiario dun préstamo subsidiado persoal para adquisición-promoción dunha

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Vivenda de protección oficial                       | <input type="checkbox"/> Vivenda a prezo taxado         |
| <input type="checkbox"/> Vivenda declarada protexida                         | <input type="checkbox"/> Outras vivendas xa construídas |
| <input type="checkbox"/> Vivenda de protección autonómica                    | <input type="checkbox"/> Outras vivendas existentes     |
| <input type="checkbox"/> Vivenda de protección autonómica de réxime especial | <input type="checkbox"/> Vivenda usada en propiedade    |
| <input type="checkbox"/> Vivenda de protección autonómica de prezo xeral     |   |

Situada na rúa \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_, letra \_\_\_\_,

localidade \_\_\_\_\_, Expediente número \_\_\_\_\_.

Que a subsidiación do devandito préstamo cualificado se lle concedeu por un período de cinco anos, susceptible de ser prorrogado por igual período sempre que se cumplan as condicións que lle fixeron acreedor a dita axuda.

Que estimado que cumple os requisitos exigidos para o efecto xunta a documentación que máis abaixo se indica e

**SOLICITA:**

A ampliación do período de subsidiación do préstamo cualificado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

R. D. 224/1989, do 3 de marzo.  
 R. D. 1932/1991, do 20 de decembro.  
 R. D. 2190/1995, do 28 de decembro.  
 R. D. 1186/1998, do 12 de xuño.  
 R. D. 1/2002, do 11 de xaneiro.  
 R. D. 801/2005, do 1 de xullo.

SINATURA DO SOLICITANTE/S OU PERSOA QUE OS REPRESENTA

, de de 200

(A cumplimentar pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	/ /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en \_\_\_\_\_.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Fotocopia compulsada das declaracions do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes aos dous exercicios inmediatamente anteriores ao momento da solicitude e certificados\* das rendas expedidos nos termos do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

De non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia das notificacións-liquidacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para os que presentaron o modelo de solicitude de devolución 104-105 e certificados\* acreditativos do nivel de rendas dos correspondentes exercicios expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Nos demais casos, declaración responsable de todos os ingresos obtidos e certificados\* acreditativos do nivel de rendas dos correspondentes exercicios, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que corresponda, xuntando ademais os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa nas que estivese de alta no dito exercicio e, se é o caso, certificado do INEM, e certificados das entidades bancarias.

No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia das declaracions do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas en España, ou das similares presentadas no país onde presten os seus servizos, autenticadas, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

Fotocopia compulsada da escritura do préstamo ou certificado bancario onde conste o titular e a data de formalización do préstamo cualificado.

Número do expediente do que é titular ou copia da resolución ditada pola delegación provincial reconhecendo o dereito á subsidiación do préstamo.

Certificado municipal de empadroamento.

(\*) A presentación deste certificado non será obligatoria xa que, consonte ao establecido no artigo 14 do Decreto 18/2006, esta solicitude comportará a autorización para que a Consellería de Vivenda e Solo solicite o dito certificado da Administración correspondente.

## II. AUTORIDADES E PERSONAL

## b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS  
E TRANSPORTES

*Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se nomean vogais do Xurado de Expropiación de Galicia.*

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prevé, no seu artigo 232, modificado pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, a creación do Xurado de Expropiación de Galicia, como órgano colexiado permanente da nosa comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

O dito precepto dispón, entre outros extremos, a composición dese xurado, sendo desenvolvido mediante o Regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, aprobado mediante Decreto 223/2005, do 16 de xuño.

O artigo 4 deste regulamento establece, nas letras c), d), e) e f) do seu parágrafo 2º, respecto da composición do xurado, que distintos organismos, entidades e colexios profesionais proporán, cada un deles, un representante que actuará como vogal titular. Así mesmo, prevese a designación, do mesmo xeito, dun vogal suplente que actuará en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que imposibilite a asistencia daquel titular.

Todos eles serán nomeados polo conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do

territorio. O mandato destes vogais será de catro anos, renovables por períodos de igual duración, que comenzará a computarse desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, podendo ser, se é o caso, substituído.

Realizados os trámites formais de solicitude de designación a todos os organismos e entidades reseñadas no mencionado artigo 4, parte deles achegaron a súa proposta.

Por todo iso,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Noméanse as persoas que se relacionan no anexo como vogais do Xurado de Expropiación de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2006.

María José Caride Estévez  
Conseleira de Política Territorial,  
Obras Públicas e Transportes

*ANEXO*

Vogais do Xurado de Expropiación de Galicia segundo o disposto no artigo 4.2º c), d) e f) do Decreto 223/2005, do 16 de xuño.

a) En representación da consellería con competencias en materia de facenda:

Titular: Juan José Castro Dapena.

Suplente: Ismael García Legide.

b) En representación da Federación Galega de Municipios e Provincias:

Titular: José Enrique Pérez-Ardá Criado.

Suplente: Joaquín López Menéndez.

c) En representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia:

Titular: Mariano de Labra Morán.

Suplente: Wenceslao Posada García.